



## CONCELLO DE PONTECESURES

Avda. de Vigo, 2 36640 Pontecesures (Pontevedra)

Tfno.: 986 557 125 / Fax: 986 557 554

[www.pontecesures.org](http://www.pontecesures.org)

[concello@pontecesures.org](mailto:concello@pontecesures.org)

### PROTOCOLO COVID-19 PARA INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

O obxecto do presente PROTOCOLO é establecer a metodoloxía a seguir polos clubs e asociacións ou usuarios en xeral que fagan uso das INSTALACIÓNS DEPORTIVAS de titularidade municipal, no establecemento das medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID19 no ámbito do deporte.

O contido do texto será de obrigada observancia para o conxunto de usuarios, quenes colaborarán, promoverán, e realizarán, xunto coa entidade titular, o seguimento das medias e adaptacións que se acorden para o desenvolvemento das actividades deportivas coa maior protección posible ante o risco de contaxio, de acordo coa normativa que se vaia establecendo, segundo a situación epidemiolóxica por parte das autoridades sanitarias; motivo polo cal o texto será revisado e actualizado continuamente.

1.- A práctica da actividade física e deportiva, tanto federada como non federada, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sin contacto físico e ata un máximo de **25 persoas** de maneira simultánea, sempre que non se superen os 2/3 do **aforo** máximo permitido.

2.- Deberán establecerse as medidas e adaptacións de cada modalidade deportiva necesarias para procurar manter a **distancia de seguridade interpersonal** ou, no seu defecto, a utilización de medidas alternativas de protección.

Con independencia das pautas específicas para cada modalidade, a separación entre deportistas, como norma xeral, debe ser maior durante o adestramento que no resto de situacións sociais, xa que o suor e o movemento poden facer chegar as gotículas, transmisoras da enfermidade, máis lonxe. Así pois, é recomendable a separación interpersonal de 5 m. e aumentar a mesma a 10 m. no caso de correr detrás de outros deportistas.

3.- O uso de **mascarilla** é obrigatorio en todo momento para calquera persoa que acceda ás instalacións, exceptuando os momentos nos que a propia práctica deportiva o impida.

4.- Os usuarios deberán manter pautas estrictas de aseo persoal, conducta e coidado co fin de minimizar ao máximo o risco de contaxio.

**Hixiene respiratoria:** No caso de tusir ou estornudar, deberá realizarse na flexión do cóbado, no caso de non posuir panos desbotables, que é o desexable.

**Hixiene de mans:** Todos os usuarios deberán desinfectar as mans antes de acceder ás instalacións. Recoméndase lavar adecuadamente as mans antes e despois de entrar ou saír dos espazos deportivos, así como facer uso de solución hixienizante. Para isto, dispórase de dispensadores de hidroxel nas entradas e agua e xabón nos aseos.

Os usuarios terán coidado de **non tocar**, no posible, aqueles obxectos de uso colectivos e superficies de contacto como pomos, portal de acceso, barandillas ou elemento de similares características.



## CONCELLO DE PONTECESURES

Avda. de Vigo, 2 36640 Pontecesures (Pontevedra)

Tfno.: 986 557 125 / Fax: 986 557 554

[www.pontecesures.org](http://www.pontecesures.org)

[concello@pontecesures.org](mailto:concello@pontecesures.org)

### PROTOCOLO COVID-19 PARA INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

5.- Con carácter xeral, **non se compartirá ningún material** e, si esto non fora posible, garantirase a presenza de elementos de hixiene para o seu uso continuado.

Os clubs, asociacións e usuarios en xeral disporán os medios necesarios para proceder á desinfección do material que, por necesidade, teña que ser de uso compartido antes e despois da súa utilización.

6.- Os deportistas non poderán compartir alimentos, bebidas ou similares.

7.- As bolsas, mochilas ou efectos persoais só se poderán depositar nos **espazos habilitados** para ese fin.

8.- Os **vestiarios** permanecerán pechados mentres a situación de crise sanitaria continue.

9.- As **duchas** permanecerán clausuradas mentres dure a situación de crise sanitaria.

10.- Os usuarios poderán facer uso dos **aseos** que, no caso de instalacións de uso compartido por diferentes quendas de usuarios, clubs ou entidades deportivas, deberán ser hixienizados tras cada uso ou tras cada quenda, a lo menos, polos mesmos usuarios ou responsables da actividade. Así mesmo, os aseos estarán condicionados polo aforo que veña establecido pola normativa aplicable.

11.- As **portas** permanecerán **abertas**, na medida do posible e especialmente en instalacións cubertas, co fin de renovar o aire de xeito natural e sempre evitando as correntes de aire.

12.- Tanto os deportistas coma os técnicos deportivos deberán empregar un **calzado de uso exclusivo** para acceder á zona de xogo ou pista deportiva.

13.- Recoméndase o **control de temperatura** antes de comezar calquera actividade ou acceder ás instalacións.

14.- O persoal técnico deportivo (entrenadores, monitores, etc.) deberán priorizar as actividades sin contacto físico e aquelas nas que se poda manter o distanciamento físico de, a lo menos, 1,5m e seleccionar os contidos que poidan minorar o risco de contaxio.

15.- Cada club ou entidade usuaria nomeará a un **coordinador** ou responsable dos adestramentos ou actividade deportiva e comprometerase por escrito en formulario tipo (**ANEXO I deste protocolo**) a velar polo cumprimento de todas as medidas de prevención e hixiene; entre elas, o control de acceso do persoal, recollida, limpeza e desinfección do equipamento e material deportivo que empreguen. Asimesmo, comprometerase a proveer de suficiente material desinfectante e/ou material de protección aos seus deportistas durante a actividade deportiva e durante a estancia nas instalacións, que será o tempo estritamente imprescindible para a realización da mesma.

16.- **Acceso.** Tan só accederán ás instalacións as persoas debidamente autorizadas e deberán ter cumprimentado un consentimento informado/declaración responsable (**ANEXO II deste protocolo**) de



## CONCELLO DE PONTECESURES

Avda. de Vigo, 2 36640 Pontecesures (Pontevedra)

Tfno.: 986 557 125 / Fax: 986 557 554

[www.pontecesures.org](http://www.pontecesures.org)

[concello@pontecesures.org](mailto:concello@pontecesures.org)

### PROTOCOLO COVID-19 PARA INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

non ter sintomatoloxía asociada á COVID-19 e non ter tido contacto con persoas diagnosticadas pola mesma enfermidade.

Os positivos por COVID-19, aínda asintomáticos, non poderán acceder ás instalacións.

Tanto o proceso de recepción dos deportistas como a saída dos mesmos deberá realizarse de xeito escalonado, evitando en todo momento a acumulación de persoas e asegurando a necesaria distancia interpersonal.

**17.- Celebración de eventos deportivos.** A organización dos eventos deportivos contemplados no artigo 22 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, axustarase aos requerimentos establecidos pola normativa sectorial en vigor e polas normas que, no seu caso, sexan aprobadas polas autoridades competentes.

Os organizadores deberán contar cun protocolo específico no ámbito da COVID-19, que será trasladado á autoridade competente e deberá ser comunicado a os seus participantes. Deberán contemplarse nel as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersonal entre os espectadores ou, no seu defecto, a utilización de medidas alternativas de protección física co uso de mascarilla por parte destes.

**Asistencia público en instalacións deportivas.** Sen prexuízo das competencias atribuídas no artigo 15.2 do Real decreto Lei 21/2020, de 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, e do establecido no apartado anterior, no caso dos entrenamentos, competicións ou eventos que se celebren en instalacións deportivas, poderán desenvolverse con público sempre que este permaneza sentado e non se supere o **75% do aforo permitido**, cun límite máximo de **300 persoas para lugares pechados** e de **1.000 persoas tratándose de actividades ao aire libre**.

**18.- PROTOCOLO DE CONTINXENCIA.** Cando se detecte un posible contaxio, deberá ser posto en coñecemento inmediato do responsable do grupo ou evento o cal notificará e seguirá as medidas que indique a autoridade sanitaria.

A persoa afectada deberá estar dispoñible para as avaliacións médicas que sexan necesarias, transmitir a información e aplicar de forma correcta as indicacións que se lle comunique por parte das autoridades sanitarias.

Deberá levarse a cabo o illamento da persoa afectada ou afectadas por unha persoa da organización ata o seu traslado, extremando as medidas de prevención.

No caso de suspender a actividade nas instalacións por parte das diferentes autoridades, deberase informar aos participantes e/ou organizadores para que procedan a realizar as actuacións pertinentes.

**19.-** Calquera actuación que non quede contemplada no presente documento será consultada para a súa autorización co responsable que nese momento se atope nas instalacións.



## CONCELLO DE PONTECESURES

Avda. de Vigo, 2 36640 Pontecesures (Pontevedra)

Tfno.: 986 557 125 / Fax: 986 557 554

[www.pontecesures.org](http://www.pontecesures.org)

[concello@pontecesures.org](mailto:concello@pontecesures.org)

# - ANEXO I -

## NOMEAMENTO DE COORDINADOR/A/RESPONSABLE DO CUMPRIMENTO DO PROTOCOLO COVID-19 PARA INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE PONTECESURES

D./Dna.

Presidente/a do club deportivo:

Representante da asociación  
ou entidade usuaria da instalación:

Instalación deportiva municipal utilizada:

### INFORMA

Que para as funcións de supervisión e control do cumprimento de todas as medidas de prevención e hixiene establecidas no PROTOCOLO COVID-19 PARA INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE PONTECESURES, designa como coordinador/a:

OPCIÓN A: Designación de coordinador/a:

NOME:

CARGO NO CLUB:

---

OPCIÓN B: Funcións asumidas pola presidencia do clube.

---

Así mesmo, o **coordinador/a** comprométese a xestionar:

1. Control de acceso á instalación deportiva.
2. Xestionar a sinatura do consentimento informado/declaración responsable (ANEXO II do protocolo) dos usuarios da instalación e recollida da mesma.
3. Recollida, limpeza e desinfección do equipamento e material deportivo.
4. Poñer a disposición dos usuarios suficiente material desinfectante e/ou de protección.
5. En xeral, o control do cumprimento de todas as medidas de prevención e hixiene establecidas no PROTOCOLO COVID-19 PARA INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE PONTECESURES.

Pontecesures,

Sinatura Presidente/a

Sinatura Coordinador (de selo caso)



## CONCELLO DE PONTECESURES

Avda. de Vigo, 2 36640 Pontecesures (Pontevedra)

Tfno.: 986 557 125 / Fax: 986 557 554

[www.pontecesures.org](http://www.pontecesures.org)

[concello@pontecesures.org](mailto:concello@pontecesures.org)

### ACEPTACIÓN DE CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN, OBRIGA DE INFORMACIÓN E CONSENTI- MENTO INFORMADO, PARA **ACEDER AS PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE PONTECESURES** ORGANIZADA POR (NOME DA ENTIDADE ORGANIZADORA)

D/D<sup>a</sup> ..... con DNI/NIE .....

actuando en nome propio (persoa participante maior de idade)

como proxenitor/titor-a da persoa participante (menor de idade):

D/D<sup>a</sup> ..... con DNI/NIE .....

### DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CONDICIÓN DE SAÚDE

Declaro que a persoa participante non está diagnosticada de Covid-19, non presenta sintomatoloxía asociada a este virus (tose, febre, dificultade ao respirar, etc.) nin a presentou nos 14 días previos á data de entrada nesta actividade e non padece ningunha outra enfermidade contaxiosa.

Declaro que a persoa participante non convive con ninguén afectado polo Covid-19 nin estivo en contacto estreito nin compartiu espazo sen gardar a distancia interpersonal cunha persoa afectada polo Covid-19, nos 14 días previos á entrada nesta actividade.

Comprométome a notificar inmediatamente á organización calquera problema de saúde vinculado ao COVID-19 durante o transcurso da actividade.

**DECLARACIÓN DE COÑECEMENTO DOS RISCOS PARA PERSOAS VULNERABLES** (*marcar no caso de ser ou conviver con PERSOA VULNERABLE: persoa maior de 60 anos/ persoa diagnosticada de hipertensión arterial, diabetes, enfermidades cardiovasculares, enfermidades pulmonares crónicas, cancro, inmunodeficiencias/muller embarazada/ persoa con afeccións médicas anteriores*).

Sendo, a persoa participante, persoa vulnerable e/ou convivente cunha persoa vulnerable, declaro que son consciente do risco que corre tanto a persoa vulnerable participante como as persoas vulnerables coas que convive.

### ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓN PERSOAIS DE HIXIENE E PREVENCIÓN FRONTE AO COVID-19

Lin e acepto as condicións de hixiene e prevención nas que se vai desenvolver a actividade.

## DECLARACIÓN DE QUE LEU E ACEPTA A INFORMACIÓN PROPORCIONADA POLA ORGANIZACIÓN SOBRE A ADAPTACIÓN DA ACTIVIDADE AO COVID-19

Declaro que recibín e lin a información de adecuación da actividade ao COVID-19 da entidade responsable da actividade e que polo tanto teño coñecemento pleno e estou de acordo coas medidas e procedementos que propón.

Declaro que recibín e lin o Protocolo de actuación en casos de emerxencia ou risco de contaxio da entidade responsable da actividade.

## CONSENTIMIENTO INFORMADO SOBRE COVID-19

Declaro que, logo de recibir e ler atentamente a información contida nos documentos anteriores, son consciente dos riscos que implica, para a persoa participante e para as persoas que conviven con el, a participación na actividade no contexto da crise sanitaria provocada polo COVID-19, que asumo baixo a miña propia responsabilidade.

Aconséllase ás persoas participantes e ás persoas proxenitoras ou titoras de participantes menores a consulta dos tutoriais do Sergas dispoñibles neste enlace:

<https://femora.sergas.gal/Seguridade/Video-5-EPI><https://femora.sergas.gal/Seguridade/Video-5-EPI>

Tamén é aconsellable consultar o documento “*Preguntas y respuestas sobre el nuevo coronavirus (COVID-19)*”. 17 marzo 2020. Centro de Coordinación de Alertas y Emergencia Sanitarias. Ministerio de Sanidad de España”. Dispoñible en:

[https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/documentos/2020\\_05\\_11\\_Preguntas\\_respuestas\\_2019-nCoV-2.pdf](https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/documentos/2020_05_11_Preguntas_respuestas_2019-nCoV-2.pdf)

[https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/documentos/Medidas\\_higienicas\\_COVID-19.pdf](https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/documentos/Medidas_higienicas_COVID-19.pdf)

En ....., a..... de.... .....de.....

Así mesmo, manifesta que, a pesar do protocolo de volta a actividade, é consciente dos riscos que entraña a práctica deportiva na situación pandémica actual. Eximindo tanto ao club/entidade como ao Concello de Pontecesures de calquera responsabilidade en caso de producirse un contaxio.